

ARISTÓTELES - TEXTO 2

PRESENTACIÓN DO TEXTO: o texto pertence a un dos tres tratados de ética que escribe Aristóteles. A idea central de todos eles é a procura da felicidade (eudaimonía) como o fin último da vida humana, e a “ciencia” (as normas que se deben seguir) que estuda como alcanzala. Para el, a felicidade non consiste no pracer, a riqueza ou a honra, senón no desenvolvemento completo da función propia do ser humano, que é a razón. Isto acádase a través da virtude (areté). Existen dous tipos de virtudes principais: as intelectuais ou dianoéticas (do coñecemento) que aquí non nos competen, e as éticas (de carácter) das que vai a falar.

A “*Ética a Nicómaco*” é o mais coñecido dos tres tratados e a mais acesible. Después Aristóteles escribira a “*Ética a Eudemo*” e a “*Magna moralia*”. A que nos ocupa neste momento, consta de X libros e en concreto o texto ao libro II que trata sobre a natureza da virtude ética, definíndoa como un hábito que se adquire a través da práctica constante e o costume.

PRESENTACIÓN VITAL: Resaltar: 1) Os seus orixes platónicos e o distanciamento co mestre 2) A intención de combater o intelectualismo moral aínda que non o consegue de todo.

TEMA DO TEXTO: “A ética como aprendizaxe”

DESARROLLO TEXTO:

Preliminares: (I1,2):

. Distinción entre virtudes intelectuais (saber, sophía, é dianoia; conséguese por esforzo pero é teórica non di como actuar correctamente (correctamente para acadar a felicidade que é o que todos os homes queren); e virtudes éticas que se acadan pola repetición, creación dun hábito, eso fainos saber como actuar en cada momento (é saber práctico).

. Recalcar que esta división é nova porque no intelectualismo moral o saber e o actuar vai unido.

ideas:

Na primeira parte:

. Empeza indicando que as virtudes éticas non son innatas senón que é necesario aprendelas, porque non son froito do estudo teórica e por tanto a actuar apréndese actuando (I 3 a 9). Pon o símil da pedra que nunca aprenderá outra cousa que caer porque iso forma parte dela, pero a actuación ética non ven dada: non somos seres éticos ao nacer e non o seremos se non o aprendemos.

. Pero como se aprende a actuar éticamente: exercitándonos (I 14, 15). Os seres humanos non somos pedras, temos unha capacidade natural de aprender virtudes, pero non de ser virtuosos espontaneamente. O saber adquirímolos teóricamente: “primeiro acadamos as capacidades ...”(I 10,11); pero nas virtudes éticas: “... adquirímolos porque ...” (I13, 14).

. Aristóteles danos a posibilidade de escapar do **determinismo intelectual** platónico (I 18,19), a través do mestre que nos aprende; ningún é bo ou malo ao nacer, non estamos determinados.

Na segunda parte:

. Volve a remarcar que estamos a falar de algo práctico. Só con saber (a teoría) non conseguiremos actuar correctamente, temos que adquirir os costumes correctos para saber como actuar en cada momento. (I 23 a 26).

. Di que a “recta razón” é como debemos actuar: apare o concepto do “camiño do medio” é dicir a **moderación**. Remarcar que isto non é novo, Aristóteles recollo moitas éticas ancestrais que falan disto (antes do intelectualismo moral). O exceso e o defecto (os extremos) deben evitarse. A virtude é un termo medio entre dous extremos viciosos (un por exceso e outro por defecto) e alcánzase por medio da acción e o **exercicio repetido**, sendo a prudencia a virtude intelectual que guía a elección do xusto medio. O xusto medio non é un medio aritmético (senón falaríamos dunha virtude dianoética, que ten que ver ca *sophia*, pero iso lévanos a Platón). (I 29 a 35).

TEMAS SECUNDARIOS: se non faláchedes do seguinte é o momento.

. Distinto concepto de ética de Platón e Aristóteles.

. Modernidade de Aristóteles

- Separación do intelectualismo moral

- Importancia do “acto moral”

- Conexión da ética e da política

CONCLUSIONES:

La ética de Aristóteles, como todo o seu pensamento, non é teórico é práctico; e é práctico porque o que busca é a mellora persoal (felicidade) e social (xustiza e ben estar). Por tanto a proposta aristotélica ten unha profundidade e unha amplitude humanística que debemos remarcar. A súa ética non son coñecementos, é un esforzo para aprendernos a vivir, é un manual para a vida. É, por tanto, é unha promesa optimista dunha vida mellor, que nos fará mais felices e mais solidarios. E esa proposta está libre de calquera determinismo biolóxico, está ao alcance de calquera SH que o queira. É unha ética moderna e libre.

Non quero rematar sen remarcar a actualidade do seu pensamento ético: as principais escolas de psicoloxía do século XX e XXI (as teorías cognitivas de Piaget, as etapas éticas de Kohlberg, etc) remítennos á necesidade do aprendizaxe. A súa insistencia no equilibrio, no punto intermedio, é totalmente vixente en discusións éticas e morais do século XXI. Aristóteles invítanos a reflexionar sobre a nosa actuación persoal, sobre que aportamos como individuos; di que seren “bo” é unha opción persoal e posible aínda que custe un esforzo (etapa postconvencional da ética de Kohlberg).